

Foi un verán cheo de vida

A música, as verbenas, os espectáculos, os paseos cabo do mar, a praia, o deporte, o cinema nos parques, as viaxes, o senderismo, as escoliñas dos pequenos, a feira dos oleiros... centos e centos de actos e historias encheron o verán dun incesante bulir.

Foi o resultado das propostas que tanto o Concello como as comisións de festas ou as entidades veciñais ofreceron tanto a veciños como a visitantes.



Concello de Oleiros

O novo Plan Viario necesita **prazos de execución** das obras previstas pola Xunta

Páxina 23

Vivir en Oleiros

Número 11
Setembro de 2001
www.oleiros.org

En páxinas centrais, un repaso ós novos espacios urbanos do municipio



Así medra o teu pobo

■ Unha cidade humana e tranquila que sempre se pon como exemplo de calidade urbana. Así é como medra Oleiros, a partir dos seus núcleos de sempre e con asentamentos de baixa densidade. Un exemplo é a zona das urbanizacións de As Galeras, Romardeiro e Lóngora, a ámbolos lados da Avda. Che Guevara.

■ En máis de 500.000 m² créanse moitas menos vivendas das que noutros concellos edifican en 40.000. Ademais, a metade do espazo está dedicado a zonas verdes, deportivas e novos accesos.

As obras que **non puideron paralizar**

A oposición quixo paraliza-lo Concello, pero ó final aprobouse o presuposto presentado polo Goberno Municipal. Como consecuencia, contrátanse unha morea de obras e servizos das que ofrecemos unha relación.

Páxinas 8 a 10

O Parque Metropolitano segue transformándose a bó ritmo

Páxina 14

O pazo da Carballeira, novo edificio recuperado en Nos para escola agraria

Tamén será sede da Fundación Juana de Vega. Está a piques de ser inaugurado

Última páxina

Nenos para a danza

¿Tes un fillo? Aníma-o a converterse en bailarín. Na Escola Municipal de Danza hai un lugar para él.
Páxina 19



Como saber **donde está todo en Oleiros**

AXENDA
Páxina 2

¿Cántos somos?



Os teus teléfonos

Teléfono do Veciño
Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde, ininterrompidamente
981 610 000

• Concello de Oleiros	981 610 000
Policia Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.211
C. Recuperación fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24horas)	061
Centro de Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde S. Cruz	981 626 768

Centros municipais de actividades

Casa da Xuventude	981 636 598
C. Cultural As Torres de Sta. Cruz	981 630 618
Centro Cívico de Sta. Cruz. Daniel Castelao, 5	
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nos	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 638 869
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Casa do Pobo de Dorneda	981 614 582
Casa Charry	981 631 444
Casa da República. Rúa O Castelo. Oleiros	
Museo dos Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Pazo dos Vellos Arenaza	981 6312 40
Castelo de Santa Cruz	981 6306 18

Centros educativos

C. Formación Isaac Díaz Pardo	981 631 706
Escola Infantil Esquio / Dorneda	981 626 638
Escola Infantil A Braña / Maianca	981 617 505
Escola Infantil O Vilar / Nos	981 664 257
Escola Infantil Vilanova / Nos	981 651 417
Escola Infantil O Corgo. Av. Jiménez Herrero, 126. Dexo	
Escola Infantil O Castaño / Perillo	981 639 160
Escola Infantil A Pardela / Os Regos	981 631 788
Escola Infantil Río da Loba / Oleiros	981 611 544
Instituto Neira Vilas / Perillo	981 638 903
Instituto María Casares / Bastiaqueiro	981 626 344
Colexio Luis Seoane / Canide-Mera	981 617 130
Colexio Parqa Pondal / Sta. Cruz	981 614 967
Colexio Valle Inclán / Perillo	981 636 754
Colexio A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

Bibliotecas

Central Rialeda / Perillo	981 639 511
Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Iñás	981 631 240
Dorneda	981 614 111
Oleiros	981 610 700
Anxel Fole / Nos	981 664 257
Xoglar Meendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
Federico García Lorca / Montrove	981 638 869

Servicios Varios

— **Veterinarios**
Santa Cruz 626310
Gayacan 660335 /Vilanova
Salud Animal 631651 /Dos Regos

— **Maquinaria de construción**
J.Barreiro 635474 /Oleiros

— **Reparación coches e bicis**
J. Galán 610710 /Oleiros

— **Fontanerías**
A.Taibo 614529 /Sta.Cruz
A.Guillín 631567 /Oleiros
J.Arca 617591 /Maianca
J.A.Barros 626689 /Dorneda
J.Costa 635735 /Sta.Cristina
A.Dominguez661108 /Nós
S.Fernández 638214 /Perillo
Fonleec 662744-908587710 /Nós

C.Suarez 638400 /Perillo
J.García 610339 /Oleiros
S.García 611039 /O Carballo
F.J.Gruero 636092 /Sta.Cruz
M.C.López 637010 /Sta.Cruz
A.Martínez 611317 /Oleiros
R.Mesias 660684 /Nós
J.Novo 908084450 /Oleiros
J.Pardo 631127 /Dorneda
R.Pol 635325 /Perillo

— **Instalacións eléctricas**
E.F.Otro 908584277 /Mera
R.Pol 635325 /Perillo
J.L.Rodríguez 626270 /Dorneda
A.Vian 637254-908584691 /Perillo

— **Albanería**
J.M.Alvarez 617788 /Serantes
A.Arevalo 617243 /Dexo
J.Bao 635617 /Perillo
A.Barreiro 617887 /Maianca
F.Beltran 628373 /Lorbe

J.M.Bias 635811 /Perillo
J.Cagiao 626038 /Sta.Cruz
J.Cal 662449 /Oleiros
M.C.Carballo 631578 /Nos
Gomaño 666387 /Oleiros
O.Bravo 908586979 /Sta.Cruz
J.M.Fernández 614990 /Arillo
F.Fernández 636078 /Perillo
E.Fernández 636572 /Perillo
J.Fernández 614919 /Dorneda
J.Fernández 617720 /Dorneda
L.García 636587 /Perillo
A.García 618190 /Serantes

V.García 661448 /Nós
M.Illanes 614356 /Dorneda
D.Lamas 631356 /Oleiros
A.Lastres 908586296 /Dorneda
A.López 617411 /Mera
J.D.López 626082 /Santa Cruz
F.Mañana 615298 /Arillo
J.L.Martínez 636034 /Perillo
A.Mato 667682 /Nós
J.Mirón 618119 /Mera
V.Naya 617096 /Mera
M.Novo 610830 /O Carballo
A.Otero 631344 /Oleiros

J.Pampín 635920 /Perillo
J.L.Prego 626147 /Dorneda
J.A.Prieto 610181 /Oleiros
F.Recarey 617503 /Oleiros
J.M.Rodríguez 610746 /O Carb.
J.R.Sánchez 664599 /Nós
F.Sánchez 610779 /Iñás
L.Siso 617461 /Mera
M.Siso 617467 /Mera
R.Suarez 615239 /Dorneda
A.Sueiro 614849 /Dorneda
A.Uzal 908581521 /Rialta
M.Vallo 610812 /Oleiros

F.Vazquez 614927 /Santa Cruz
M.Vidal 631015 /O Valiño
M.Vieito 610060 /Oleiros

— **ATS-Fisioterapeutas**
M.Miranda 638633 /Perillo
J.L.Sanchez 638234 /Perillo

— **Notarios**
R.Benzo 611506 /Oleiros

Un concello vivo



101.5 FM

Informativos diarios ás 13,30, 18 e 21 horas
Axenda de ocio ás 12 h
e repaso á actualidade do mundo ás 11 horas.

O resto do día, música sen complexos

24 horas de música e noticias

Cóntanos o que queiras no **981 631 078**

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	17set / 16out / 15nov / 14dec
Mingua	24set / 24out / 22nov / 22 dec
Nova	2set / 2 out / 1e30nov / 30 dec
Medra	10set / 10out / 8nov / 7dec

Farmacias

O servizo de urxencia está organizado entre as farmacias dos concellos de Oleiros, Cambre e Culleredo. Cada semana, corresponde o servizo nocturno ás seguintes oficinas:

TURNO 1 Están de Guardia do 21 ó 28 set., do 26 out. ó 2 nov. e do 30 nov. ó 7dec. A este turno pertencen:

Oleiros [Camilo D. Valiño, 1] • **O Temple**. [Costa da Tapia, 1]

TURNO 2 Están de Guardia do 28 set. ó 5 out., do 2 ó 9 nov. e do 7 ó 14 dec. A este turno pertencen:

Mera-Serantes-Lorbé • **O Portazgo-Vilaboa** • **Cebre**

TURNO 3 Están de Guardia do 31 ago ó 7 set., do 5 ó 12 out. do 9 ó 16 nov. e 14 a 21 dec. A este turno pertencen:

Perillo [Avda. Rosalía Castro] • **Cambre**

TURNO 4 Están de Guardia do 7 ó 14 set., do 12 ó 19 out. do 16 ó 23 nov. e do 21 ó 28 dec. A este turno pertencen:

Nós • **Rutis** [Av. Vilaboa]

TURNO 5 Están de Guardia do 14 ó 21 set., 19 ó 26 out. 23 ó 30 nov. e de 28 dec ó 4 xan. A este turno pertencen:

Santa Cruz [Avda. Concepción Arenal] • **O Burgo**

Servicio permanente: Sigrás-Cambre e Tarrío-Culleredo

As mareas

Horas de domingos

Preamares setembro

Día 9	06,37 e 19,05
Día 16	02,15 e 14,30
Día 23	06,39 e 19,06
Día 30	02,07 e 14,15

Baixamares setembro

Día 9	00,25 e 12,54
Día 16	08,13 e 20,44
Día 23	00,24 e 12,48
Día 30	08,04 e 20,25

Preamares outubro

Día 7	05,30 e 17,53
Día 14	01,12 e 13,25
Día 21	05,31 e 17,52
Día 28	01,02 e 13,02

Baixamares outubro

Día 7	11,43 e 23,57
Día 14	07,12 e 19,44
Día 21	11,38 e 23,49
Día 28	06,57 e 19,22

Preamares novembro

Día 4	04,34 e 16,54
Día 11	12,05
Día 18	04,34 e 16,54
Día 25	11,21

Baixamares novembro

Día 4	10,43 e 22,56
Día 11	05,50 e 18,32
Día 18	10,39 e 22,50
Día 25	05,09 e 17,54

Preamares decembro

Día 2	03,40 e 16,02
Día 9	10,25 e 23,15
Día 16	03,42 e 16,05
Día 23	09,06 e 21,55
Día 30	02,47 e 15,10

Baixamares decembro

Día 2	09,47 e 22,01
Día 9	03,59 e 16,58
Día 16	09,49 e 21,59
Día 23	02,36 e 15,21
Día 30	08,54 e 21,08

Por favor, se detecta algún erro ou a carencia dalgunha información, comuniquenolo para poder subsanalalo.



Alternativa dos Veciños / Ángel García Seoane

¿Deputados para qué?

De novo váisenos pedir que participemos na votación para eleixir ós deputados ó Parlamento Galego. Como sabedes, os deputados elíxense por provincias para, entre outras tarefas, supostamente representarnos e buscar solucións ás moitas carencias que as nosas provincias e comarcas padecen.

Unha vez máis, novamente, váisenos enganar ofrecéndonos

solucións a temas que levan quince anos agardando: saneamento integral da Ría da Pasaxe, ampliación e mellora das estradas que cruzan o noso Concello, dotación de arcéns e aceras entre os núcleos de poboación, construción de glorietas e pasos a distinto nivel na N-VI, construción da vía rápida entre os Concellos de Oleiros, Sada e Cambre para dar solución as interminables

colas que padecemos o longo do ano e especialmente no verán, Paseo Marítimo de Mera...

O que nos enganaran unha vez máis non tería importancia de non ser porque algúns dos que nos van pedir o voto son, e foron, dende fai máis de dúas legislaturas deputados no Parlamento e concelleiros en Oleiros sin que teñan feito nada por resolver as necesidades do

noso Concello. Como dixo Castelao «...xa ves; mexan por min e teño que decir que chove...» ¿Ata cando imos tolerar tanta obscenidade e desverganza?

Antes de votar, fagamos examen de conciencia: Galicia necesita de homes e mulleres que loiten por ela e que a defendan, non xente que queira vivir a súa conta.



Grupo Municipal del Partido Popular

Doce años de avances

Pasaron doce años desde que el Partido Popular, con Manuel Fraga a la cabeza, se hizo cargo de la Xunta de Galicia. Desde entonces, la Comunidad Autónoma ha logrado superar grandes retos e iniciar un proceso de modernización irreversible. Además de los avances iniciados para el conjunto de Galicia, como las infraestructuras en materia de comunicación por carretera o ferrocarril, la modernización de la Sanidad, las telecomunicaciones o la Educación, son sólo algunos ejem-

plos de la gestión llevada a cabo por el Presidente Manuel Fraga, una gestión que también se ha dejado sentir en Oleiros. Con colaboración institucional o sin ella, en estos doce años, la Xunta de Galicia ha realizado importantes inversiones en todas las parroquias del Ayuntamiento. El Centro de Salud de Santa Cruz, la construcción de zonas peatonales en varias carreteras del municipio, la mejora y construcción de centros de educación son algunas de las actuaciones llevadas a cabo por el

Ejecutivo Gallego en estos años.

Si en su día se dijo que Manuel Fraga y el Partido Popular eran «Garantía de Futuro», que «Galicia Avanza», o que «Imos a máis», no hay más que mirar al pasado para comprobar que todos estos lemas se han ido cumpliendo.

Además, el proceso de modernización que logrará situar a Galicia a la altura de las regiones más avanzadas de su entorno, tiene un firme aval en la candidatura de Manuel Fraga al frente de la Xunta de Galicia. Los planes de

futuro programados, algunos de ellos en marcha, apuestan por las comunicaciones, la industria, la creación de empleo, la igualdad, y el desarrollo del sector primario —la pesca, la agricultura y la ganadería—.

La garantía del desarrollo y del crecimiento de Galicia tiene un nombre: el del Presidente que ha conseguido con una gestión brillante impulsar la mejora de la calidad de la vida de los gallegos que residen dentro y fuera de la Comunidad: Manuel Fraga.



Partido Socialista Obrero Español / Agrupación socialista «Pablo Iglesias»

Las mismas vías que cuando el Caudillo visitaba Meirás

Oleiros cuenta con la misma red viaria que cuando el Caudillo visitaba Meirás, pero con más baches.

La modernización de la red viaria y la implantación de nuevas redes de telecomunicaciones (cable) son proyectos fundamentales para todos los vecinos de Oleiros; el bienestar y el progreso para todos exigen ponerse manos a la obra. Los socialistas así lo consideramos y para ello brindamos todo nuestro apoyo.

El Ayuntamiento, en representación de todos los vecinos de Oleiros, tiene la obligación de concitar los apoyos políticos e institucionales

suficientes que garanticen la ejecución de las carreteras que necesitamos, de los enlaces, de los pasos elevados, de las aceras. Ya no vale por más tiempo la disculpa de falta de competencias, aunque Diputación, Xunta y Estado tienen también una grave responsabilidad.

En Oleiros cada vez hay más casas y más vecinos; se construye mucho y pagamos más impuestos sin que ello se vea compensado con las inversiones necesarias. Las inversiones públicas no acompañan el gran dinamismo del sector de la construcción en nuestro municipio. Oleiros duplicó habitantes en los últimos 20

años, pronto seremos 30.000. Pese a ello, Oleiros cuenta con la misma red viaria que cuando el Caudillo visitaba Meirás; una red viaria inadmisiblemente en la comarca más dinámica y de mayor crecimiento de Galicia. No resulta admisible la falta de infraestructuras salvo que se quiera condenar a este municipio a morir de éxito.

La Xunta ha incumplido sus propios compromisos. El 12 de junio de 1997 (véase La Voz de Galicia Pág. 35) la Xunta de Galicia prometía 3.238 millones de pesetas en tres años para construir 12 kilómetros de vía rápida Sada-Oleiros-Cambre-Autopista.

Hoy, a tres meses de las elecciones autonómicas, cuando debería haberse inaugurado la vía rápida, nos ofrecen de nuevo papeles. Con tres años de retraso, el pasado 19 de julio de 2001 el Consello da Xunta aprueba el Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros. Este documento, que contiene a la vía Ártabra, la vía rápida hasta Lorbé, consensuado por todos los ayuntamientos desde hace más de tres años, debe ser una prioridad para el Gobierno Municipal y para el nuevo gobierno que los gallegos nos demos en las elecciones autonómicas de octubre. Salud.



Bloque Nacionalista Galego / Antón Tenreiro


En Oleiros tamén, arelas de cambio

O Bloque Nacionalista Galego (B.N.G.) é a única forza responsable da oposición do Concello de Oleiros, como demostrou este ano no debate dos Orzamentos no que o PSOE e o PP retrasaron a súa aprobación durante medio ano con as consecuencias negativas que este obstrucionismo tivo para o conxunto dos veciños e veciñas do noso concello.

O B.N.G. percibe-se xa como a única forza capaz de impedir que o Partido Popular «chantaxee» ao Goberno con prevendas partidistas como

en anos anteriores e situa-se para o futuro como unha forza necesaria para impedir que o PP poida gobernar en Oleiros e asimesmo ser o gerente no futuro dun goberno estabel e progresista.

Nas vindeiras eleccións autonómicas do mes de Outubro, os cidadáns de Oleiros saberán diferenciar entre as forzas irresponsables na súa actuación local (PP-PSOE) e unha forza coherente como o BNG que fará posibel tamén dende o Concello facer realidade as ARELAS DE CAMBIO que precisa o país.



Sabia nova ó Castelo

¿Chegará por fin o momento de que o Castelo se convirta no que sempre debeu ser? Esa é a esperanza co novo director, Carlos Vales. Quere que a illa sexa un foco de divulgación e cultura sobre o medio natural.

■ *Confíase en que Carlos Vales faga do Castelo o que sempre debeu ser: un referente fundamental no ambientalismo galego*

Moitos veciños de Santa Cruz sabían que o Castelo era un centro de divulgación medioambiental, porque o pon nos rótulos do Paseo.

Pero o certo é que a rimbombante denominación deste centro non se corresponde coa realidade, pois o Castelo nunca deixou de ser unha leve referencia administrativa.

Nunha primeira etapa, o castelo dependía da Xunta de Galicia. En vista de que nada funcionaba como é debido, o Concello tivo a iniciativa de negociar coa consellería de Medio Ambiente e a Universidade a constitución dun padroado no que participan as tres entidades.

Tras un ano de traballos previos, e diversas reformas como a pasarela ou o paseo perimetral, chega o

nomeamento do director, cargo que recaeu por concurso no ambientalista Carlos Vales, anterior concelleiro de medio ambiente de Oleiros e persoa moi sensibilizada cos problemas ambientais de Galicia e tamén do resto do mundo.

Cando están a comezar novas obras, como a restauración da casa do guarda, agárdase que con Vales o castelo se adapte con maior fidelidade a aquela idea inicial que levou ó Concello a adquirilo edificio e convertilo nun punto de referencia para a defensa do medio ambiente e a divulgación de datos relacionados coa natureza.



Reciclar é un deber cívico.

Separa o lixo na casa

Na cociña, dúas bolsas dentro dos ecocubos:

- Unha para os restos de comida
- Outra pra os envases e inertes

Cando estén cheas, lévanse a:

- Restos de comida, ó contedor de tapa verde
- Envases ó contedor de tapa laranxa

Entre 9 e 11 da noite,
excepto sábados
e vésperas de festivos

Ademáis:

- Resérvase o papel e cartón, que vai ó caixón azul
- O vidro, depositase no "iglu" verde
- E as pilas, nos establecementos colaboradores e Casas do Pobo

Así, ¿Qué conseguimos?

- Recolle-lo lixo ordenadamente para devolvelo a unha nova vida desde a pranta de tratamento de rsu de Nostián.

Gracias.

¿Quen alborota máis en Santa Cristina?

Dous locais, clausurados ata que se axustaron á súa licencia

Unha pequena parte dos locais non cumpre os requisitos mínimos da convivencia, polo que dous deles foron clausurados durante aproximadamente un mes.

As denuncias que particularmente realizan os veciños e o seguemento que Policía Local e Garda Civil realizan na zona está a dar resultado.

A primeiros de xullo, o Concello precintou os pubs despois de advertirle varias veces que as actividades que tiñan lugar no seu interior —como un karaoke— non se correspondían coa súa licencia.

Estas accións contundentes é necesario realizalas con garantías e cunha base sólida, apoiada na normativa existente, e non levados por impulsos persecutorios, como pretendía algunha entidade.

Eran dous casos no medio dunha morea de empresas e lugares de ocio que cumpren coas normas.

A maior parte dos restaurantes, cervezarías, discotecas, pubs e cafeterías non ocasionan molestias, pois as denuncias dos veciños limítanse a uns poucos lugares.

En canto ós horarios de verán, os axentes da autoridade están a exercer un riguroso control para que pechen á hora acordada, e non a calquera hora, como ocorre noutros lugares como o Orzán, Sada, Santiago ou Sanxenxo, onde cada un pechando lle peta.

Santa Cristina é o que leva sendo todos estes anos: un lugar moi animado para o lecer, cos problemas normais que ten calquera zona de ocio. A súa ampla oferta segue a ser unha das máis atractivas da área metropolitana, e a convivencia entre veciños e empresas resulta alentadora, pois o nivel de conflictividade é reducido.

Santa Cristina é un lugar de ocio, por moito que algúns se empeñen en tronza-la tradicional convivencia entre a calidade residencial e a actividade hosteleira.



Os que máis alborotan en Santa Cristina non son precisamente os mozos que tomaron unha copa de máis o sábado á noite.

Unha entidade da zona, nacida á sombra de PP e PSOE, está a sementar máis inquedanza que os propios locais de copas, con argumentos moi demagóxicos e sen probar.

A cada pouco salta ós xornais con notas sobre a seguridade ou as molestias ós veciños neste fermoso lugar de Perillo.

Detrás de esas denuncias está o afán persecutorio contra algún empresario da zona que non lles cae ben ou contra algún dirixente político do Goberno Municipal. Ante ese deterioro da convivencia, o Concello manifestou en varias ocasións que nunca apoiará o revanchismo nen as insidias persoais.

A entidade veciñal pretendía decidir sobre as licencias na Xunta Local de Seguridade, coma se este organismo fose unha feira na que

cada un pode actuar a capricho.

O Concello aclarou que non admitiría presións nen revanchas contra ninguén, e que a Xunta de Seguridade —compuesta por Concello, Delegación do Goberno e Garda Civil— seguiría actuando con total profesionalidade e mirando polos intereses de tódolos veciños de Oleiros, como fixo sempre, e non a capricho nengunha entidade política ou correa de transmisión da oposición.

■ *Os intereses políticos da oposición crean máis barullo que os locais, encrespando as relacións entre empresarios e veciños*

¡¡Olo co escándalos!!

A proliferación de elementos despreziables que explotan a mulleres, maiormente extranxeiras, está sendo investigada pola Subdelegación do Goberno.

O Concello non pode tomar nengunha medida ó respecto, xa que é competencia exclusiva da Garda Civil e Consellería de Xustiza.

En canto ós alugueres de pisos, algúns propietarios, buscando altos dividendos, meten na súa casa individuos de moral corrompida, dedicados á explotación feminina.

Se alguén coñece algún caso de escándalo ou actitudes molestas, debe comunicalo axiña á Garda Civil ou Policía Local.

O parking de Guyatt, valeiro

■ *Os que piden máis párkings parecen estar reclamando a ORA*

Este verán volveu abri-las súas portas o aparcamento soterrán da urbanización Guyatt, ubicado na mesma glorieta de Santa Cristina.

Pero o resultado foi o mesmo: case ninguén o utiliza. Con todo, algunha entidade político-veciñal da zona segue a reclamar que se constrúan novos aparcamentos.

¿Para quen, se ninguén desexa pagar por aparcar? ¿É que pensan que os promotores e os propietarios están a tira-los cartos?

¿Ou quizaves o que desexan é que se imponha a ORA en Santa Cristina, e os veciños non poidamos aparcar libremente na rúa?

Para vivir e disfrutar

Santa Cristina é un lugar simpático. Algo máis que un referente para varias xeneracións de veciños de toda a comarca, que viñan a gozar da praia e os encantos nocturnos do lugar.

Nos anos 70 iba camiño de converterse nunha praia privada, ateigada de vivendas e agobios urbanos. Primeiro a Asociación de Veciños A Ría e despois os

veciños desde o Goberno Municipal, convertiron Santa Cristina no que hoxe é: unha zona urbana chea de paseos, xardíns e cultura, que dixo adiós ás ameazas da especulación urbana, por moito que hoxe PSOE e PP reverdezan os plans para privatiza-lo solo público e facilitar novos negocios especulativos.

Xa hai Plan Viario, pero non prazos

O Plan Viario Comarcal está exposto no Concello despois de que a Xunta dese vía libre á súa tramitación. É o documento que permitirá acabar cos atascos de tráfico comarcal e que prevé a construción da Vía Ártabra e os nudos do Seixal, A Raqueta e Iñás.

■ *O embudo da Pasaxe, a franxa litoral, O Seixal e a travesía de Perillo son competencias do Estado e a Xunta*

Algunhas voces tentan responsabilizar ó Concello dos atascos, pero non acertan: o municipio é responsable das súas propias vías, pero non das que teñen carácter supra-local.

As alternativas para resolver problemas como as colas da estrada costeira, o embudo da Pasaxe, o cruce do Seixal, ou o tráfico rápido polo casco urbano de Perillo están recollidas nese Plan supra-municipal.

Pero a administración autonómica ten que concreta-los prazos de construción. Hai comprometidas obras como a conexión entre a autopista

A9 e a N-VI á altura do Clube de Tennis, a intersección de Arenaza en Iñás, o nudo do Seixal, a Vía Ártabra... son proxectos impulsados polo Concello e comprometidos polas autoridades, e que agora renacen da selva burocrática de ministerios e consellerías.

Un dos proxectos máis importantes para desconxestionar Che Guevara é a tan reclamada Vía Ártabra, parte dun plan estratéxico de comunicacións da Área Metropolitana. Esta vía rápida acabará unindo todo o concello coa rede de autopistas polo interior, absorvendo os coches que agora

afofan a estrada costeira. Non se coñecen os prazos para a súa construción.

Desgraciadamente, por moito falar dos temas, estes non se solucionan. Pero as autoridades de Fomento e a Xunta de Galicia tomarán boa nota do clamor, pois é evidente que a área coruñesa está a sofri-la situación máis terceiromundista de toda Galicia.

Ademais, están os problemas de seguridade viaria en estradas provinciais, que requiren intervencións da Deputación para construír arcéns e aceras nas zonas máis poboadas, e que afectan a numerosos veciños.



A Vía Ártabra, clave para acabar cos atascos no litoral

¿A quén reclamar?

Sobre a Vía Ártabra: Dirección Xeral de Obras Públicas da Xunta. Fax: 981 544 529 www.xunta.es/conselle/ot

Sobre os arranxos na N-VI: Demarcación de Estradas do Estado Fax: 981 290 700 E-mail: demarcacion.galicia@mFom.es

Sobre as vías da Deputación: Fax: 981 183 302 www.dicoruna.es

Un gran esforzo para tres meses de 'verán'

¿Cánto nos costa ter os areais de punta en branco?

Anque os nubes non deixen ve-lo sol e as praias estén valeiras, límpanse a diario, mantéñense, asegúranse, e dótanse de persoal de apoio ó baño. Todo eso costa máis de 30 millóns de pesetas.

O que che costan as praias

Son varios os conceptos de gasto nos que se traduce a tempada de verán:

Limpeza mecánica dos areais, contratada cunha empresa especializada	10.000.000
Limpeza manual de áreas próximas ás praias	8.900.000
Salvamento e socorrismo	6.500.000
Dietas dos voluntarios de información en zonas peatonais	1.800.000
Materiais (medicamentos, seguros, comunicacións, mantemento das embarcacións)	2.000.000
Gastos de combustible e vestiarios	500.000
Gastos de reparacións (Dpto. de servizos municipais)	1.000.000
Total	30.700.000

Coordenar obras públicas, cable e gas

As empresas de cable e gas terán que coordena-los seus plans coas previsións de obras municipais para aforrar esforzos, causar os mínimos danos ó pavimento e un menor impacto á comodidade veciñal.

Resulta inadmisíbel que as rúas teñan que abrirse constantemente para que cada un realice a súa canalización.

Hai que racionaliza-lo proceso. Por isto, representantes municipais reuníronse coas empresas para coordinarse ó máximo e que os veciños gocen canto antes destes servizos avanzados.

Non obstante, tódalas urbanizacións de recente construc-

ción xa teñen tendidos internos que permiten a circulación do gas canalizado e a fibra óptica, co que os tendidos necesarios redúcense ós núcleos tradicionais e ás liñas de conexión cos nodos principais.

As empresas fóron chamadas polo Concello para aproveitar tamén o gran número de obras municipais que están programadas. Terán que presentar un plan completo

onde se faga consta-lo cómo, cándo e dónde se realizará cada acción, de tal xeito que todos os veciños disfruten destes servizos de calidade.

Xa existe un exemplo significativo desta coordinación nas actuais obras do andén peatonal que se constrúe entre Coruxo e Os Regos, que se paralizou uns días para facer posible as novas canalizacións.

Querían dar servizo só a Perillo e Liáns

O Goberno Municipal quere ademais que as empresas leven as novas canalizacións á maioría dos veciños, pois dalgunha delas reducía o seu interese ás parroquias de Perillo e Liáns, con máis da metade da poboación.

As redes terán que chegar tamén ó norte e ó interior do territorio, abranguendo ós núcleos de poboación máis importantes, que non poden quedar marxidados por razóns de mercado ou rendibilidade. Para eso, esixíuse ás empresas un plan de execución por etapas.

■ *Terán que atender tamén ó norte e ó interior do Concello*



A UE avala ó Concello sobre as antenas de móbiles

■ *Desfachatez de Amena e Telefónica: ante os seus clientes, culpan ó Concello da súa falta de cobertura*

Unha normativa recente de UE sobre as antenas que proliferan na paisaxe ven avala-la postura política do Concello sobre as antenas. Oleiros xa tiña unha normativa restrictiva que protexe ós veciños e a paisaxe.

Mentres, Amena e Telefónica acusan ó Concello do defectuoso servizo que prestan en Oleiros. Estas empresas néganse a instalar as antenas en lugares onde non molestan ós veciños e o Concello insiste en que deben respecta-la normativa municipal.

A operadora Airtel, en cambio, instalou ben as súas antenas e os seus usuarios non teñen problemas de cobertura.

O Concello quere facilitar o uso das tecnoloxías, pero non a calquera prezo. Aquí todos teñen que respecta-la normativa municipal.

Hai máis de dous anos convocouse ás empresas para que coordinaran os seus efectivos, e incluso utilizasen as mesmas antenas para pendura-los seus aparatos, algo técnicamente posi-

ble e que aforraría esforzos. Pero non quixeron.

Telefónica ten as antenas nos seus edificios de Mera e Perillo, xa que teñen licencia de cando eran monopolio, pero eso non lles abonda. Para prestar un correcto servizo terán que seguir os pasos de Airtel.

¿Acaso elas non lle cobran a vostede o recibo do teléfono? En Oleiros acabóuselles o monopolio, o papanatismo ante a tecnoloxía e a patente de curso que teñen noutros lugares.

Novas obras en todo o territorio

A parte máis visible e útil da xestión municipal son as obras públicas. Aínda que o boicot da oposición ós presupostos buscaba paraliza-lo Concello, moitas obras están en marcha, outras están a piques de contratarse e outras moitas serán licitadas nunha segunda fase, alá por fins de setembro ou primeiros de outubro.

As que están en marcha

■ Broño **Maianca**

Auga e rede de sumidoiros, fases II e III, por 13 millóns, coa colaboración dos veciños.

■ Igrexa **Serantes**

Adecuación do adro e entorno, con mobiliario. Costa 14 millóns de pesetas.

■ R.Torrelos **Dexo**

Acondicionamento desta rúa para dar acceso ó Muíño de Dexo e facilitar a súa restauración. Costa 4 millóns.

■ Canide **Maianca**

Obras de acondicionamento da urbanización para dotala de niveis de calidade ambiental e urbana: alumado, saneamento, aceras...

■ Montrove **Liáns**

Realización do Parque nos arredores da capela.

■ Concello **Oleiros**

Rehabilitación do edificio adquirido para a ampliación da Casa do Concello, para mellora-lo servizo ós veciños.

■ Castelo **Sta. Cruz**

Rehabilitación das antigas vivendas do Castelo para o garda da illa.

■ Lamalonga **Serantes**

Auga e rede de sumidoiros entre o Camiño das Escolas e a Rúa Lamalonga, en Mera.

■ Bastiagueiro

Actuacións varias na Avenida Che Guevara, como dotar de mobiliario, sinalizacións, etc.

Infraestructuras no norte

Nace a Casa do Pobo de Dexo

A nova Casa do Pobo costa 22 millóns de pesetas e ocupa unha superficie de 250 m², con outros 100m de porches cubertos.

Un gran salón para usos múltiples é a maior estancia, que se complementa con outras destinadas a oficinas, almacéns para material deportivo, vestíbulos, aseos e ambigú.

Ademáis, conta con vestiarios para servizo tanto das actividades físicas que poidan realizarse dentro do edificio, como para os usuarios da pista deportiva aenxa ou do espacio cuberto.

O núcleo de Dexo é un dos entornos rurais que aínda quedan nun territorio como o de Olerios, no que a forte expansión

urbana provocou o crecemento dos asentamentos tradicionais e o nacemento de novas urbanizacións. Aínda que a parroquia abrangue unha ampla zona do norte municipal, a poboación total ronda os 1.300 habitantes.

Ata agora utilizaban a outra Casa do Pobo da parroquia, situada máis perto de Lorbé.

Novo empuxe ó porto de Lorbé

Despois das múltiples demandas municipais, por fin estanse a realiza-las obras da rampla de varada do porto de Lorbé, unha necesidade moi sentida polos pescadores, que tamén xa disfrutaban da famosa nave para aperos de pesca que tanto tempo tardaron en construír.

A rampla de varado era moi necesaria para que os mariñeiros non se

tiveran que desprazar a Sada para realizar reparacións ou labores de mantemento ordinarios do buque.

Ante a pasividade mostrada pola Xunta, o Concello houbo de redacta-lo proxecto e entregá-llelo para que acometesen as obras con máis celeridade, pero aínda houbo que agardar ata agora para velo feito realidade.



Portiño de Dexo, coa Marola ó fondo

Un fermoso mirador sobre o acantilado do vello portiño

■ *É desde donde mellor se divisa a illa da Marola*

Tamén está a piques de construírse un novo mirador, situado no acantilado que da ó antigo portiño de pescadores de Dexo, tamén utilizado polos veciños do lugar para o baño.

Adecentarase todo o lugar cunha pequena intervención que sume puntos ó actual engado da pequena ensenada, un dos privilexiados miradoiros sobre a illa da Marola e auténtico corazón do Monumento Natural de Dexo.

Hoxe, a maleza e os restos dunhas pequenas edificacións e unha grúa que axudaba a descarga-las lanchas ofrecen un aspecto moi descoidado. Cando rematen as obras, ademáis, contaremos con espazos para aparca-lo coche e haberá unha pequena zona verde para disfrutar mellor do recanto.



As que están en fase de contratación

Estas obras están incluídas na primeira fase de contratacións, entre agosto e setembro, polo que están a piques de comezar a construírse.

■ **Santa Cruz P. Bazán**
Aceras na zona do Centro Cultural As Torres, que costan 9,3 millóns.

■ **Santa Cruz O Repicho**
Obras de urbanización desta rúa que comunica o centro coa pasarela do Castelo.

■ **Bastiagueiro Galeras**
Obras de urbanización da segunda fase desta actuación.

■ **Bastiagueiro Instituto**
Anulación do bombeo de augas residuais do Instituto María Casares, e conexión coa rede xeral de alcantarillado.

■ **Perillo c. Valle Inclán**
Reparacións varias no centro escolar, por valor de 1,3 millóns.

■ **Perillo Avda. R. Castro**
Reparación da rede de pluviais na zona da farmacia.

■ **Perillo Santa Cristina**
Renovación dos pavimentos na rúa Xuncal, con recollida de augas pluviais, e aceras na rúa Linneo. Costa 7,6 millóns.

■ **Perillo - Bastiagueiro**
Expropiación de solo para realizar sendas costeiras peonais entre as dúas praias.

■ **NOS Casa do Pobo**
Renovación das fachadas deste espazo público. Costa 4,2 millóns.

■ **NOS Zona Praza Libertade**
Ordenación da nova zona verde anexa ó actual espazo público de Praza Libertade-Casa do Pobo. Costa 8,2 millóns de pesetas.

■ **Nos vilanova**
Redacción de proxecto de urbanización do PERI 8, para esta zona industrial.

■ **Lorbé Acceso ó porto**
Redacción do proxecto do novo acceso, que será o primeiro tramo da Vía Ártabra.

■ **Lorbé Casa do Pobo**
Pintado da Casa do Pobo, e tamén das pistas polideportivas do Colexio L. Seoane.

■ **Marquesinas**
Serán instaladas, por valor de 6 millóns e medio, en:
— **Augarrió**, cruce Talagra, direc. Sada

— **Lourido Pequeno**, dir. Perillo

— **Cabreira**, dirección Sada

— **Che Guevara** diante Inef, dir. Perillo

— **Os Vilares**, Nos, dir. A Coruña

— Cruce **Salvador Allende** con As Grobias, dirección A Coruña

— **Beiramar** Av. Mariñas, dir. Betanzos

— Rotonda das **Pedreiras**, dir. Montrove

■ **Travesas**
Cerramentos e pequenas obras de urbanización no Regacho de Maianca, no Seixo Branco e no espazo infantil do Parque José Martí. En total costan 6,5 millóns.

As que se contratarán a fins de setembro

Estas obras pertencen á segunda fase de contratacións, que se levará a efecto entre fins de setembro e primeiros de outubro.

■ **Nos O Seixal**
Mellora da zona verde deste lugar, que costa 4 millóns.

■ **Nos O Valiño**
Obras de urbanización deste conxunto construído con anterioridade ó Plan Xeral de Ordenación Municipal. 135 millóns.

■ **Oleiros P. Infantil**
Mellora desta zona para os nenos, por 2 millóns.

■ **Montrove C. Cultural**
Acondicionamento do piso baixo do edificio para actividades sociais.

■ **Montrove A Choupana**
Ordenación urbana da glorietta, para a mellora da seguridade.

■ **Liáns P. Metropolitano**
Adquisición de 40.000 m² de solo para o parque, nos arredores da Igrexa de Liáns, por valor de 100 millóns.

■ **Os Regos Liáns**
Ampliación do parque central da urbanización, tra-la Escola Infantil A Pardela.

■ **Mera Escola de Canide**
Adquisición de solo para amplialo recinto do Luis Seoane (con casa anexa ó colexio), por 20 millóns de pesetas.

■ **Dorneda Naval**
Redacción do proxecto para a urbanización do paseo de Naval, por 3 millóns.

■ **Perillo Santa Cristina**
Reordenación da zona verde de Cova dos Bois.

■ **Perillo Santa Cristina**
Renovación de tuberías de abastecemento de auga, por máis de 34 millóns. Nas dúas marxes da Avenida de Sta. Cristina, un tramo da Avda. das Américas, e as rúas Humboldt e Linneo.

■ **Mobiliario urbano**
Colocación en diversos lugares: Avda. Salvador Allende, Xubín, Avda. Concepción Arenal, parque da Pía de Maianca, Maianca etc., por importe de 6 millóns e medio.

■ **Alcantarillados**
Obras por un valor conxunto de 16 millóns de pesetas, nos seguintes lugares:
— Abeleiras de Abaixo ó Couto, **Dorneda**
— O Pinar, en **Dexo**
— Jiménez Herrero (zona Cataluña), **Dexo**

■ **Alumados públicos**
A realizar nas seguintes rúas:
— Benito Vicetto, Xílgaros, As Pitas, Volvoretas, Maside (O Carballo), en **Nos**.
— O Castro e Sendeiro, en **Montrove**.

— Renovación total na urbanización A Granxa, en **Lorbé** (está obsoleta)
— Renovación total na urbanización **Bastiagueiro** (por obsoleta)

— Benito Feijóo, Viñas do Inferno, A Proba e no Real-Lourido, en **Dorneda**
— O Cubo-Aba, tramo R. Golfiño **Dexo**
— Mellora Av. Sta. Cristina, **Perillo**

■ **Fontes e lavadeiros**
Recuperación de fontes, mananciais e lavadeiros nos seguintes lugares:

— Montrove
— O Bañil, Liáns
— Breixo, Dorneda
— Regueiro-Dans, Nos
— Fonte Pousada, Oleiros
Todas costan 10 millóns.

■ **Aceras**
Construción de aceras en:
— Entre a urbanización A Pía e A Perla, en **Maianca** (1,4 millóns)
— Entre A Edreira e O Real, en **Sta. Mª de Oleiros** (12 millóns)
— Entre Arillo e Lourido, en **Dorneda**.

Contratados os asfaltados tan necesarios

A maioría destas obras consisten en aplicar un pavimento a base de aglomerado en quente, unha solución de superior calidade e durabilidade que a que se viña utilizando ata agora. A técnica do rego asfáltico mantense unicamente para aquelas vías que dan acceso a zonas pouco poboadas. O novo aglomerado esixe menor esforzo en mantemento.

■ Dorneda

Unha das principais vías que se reformarán é a rúa do Mar, que comunica Santa Cruz con Breixo. O vial costeiro da parroquia de Dorneda, que moitos utilizan como alternativa á estrada xeral a Mera debido ó seu menor percorrido. Tamén en Dorneda asfaltaránse as rúas Camposeiras, Benito Feijóo e Margaridas.

■ Liáns

Asfáltanse Camariña, un tramo peatonal de conexión entre a Rúa do Mar e o porto de Santa Cruz, María Soliña, Follas Novas e a urbanización Icaria.

■ Perillo

Xesteira (que recibirán un tratamento específico de formigón), Corredoira das Viñas e O Ribeiro.

■ Iñás

Verá melloradas as rúas Canceiras, Carrizas e rúa da Vila.

■ Nos

Asfáltanse Xustiza, un tramo de Coroto, Manuel Murguía, A Seara, Bartolomé de las Casas e Regueiro Escuro.

■ Serantes

Mellora o seu acceso a Seixo Branco (rúa Canabal), as vías Granxarón, O Xabrón e as que compoñen o casco urbano de Xoez, en Mera (tramo Dr. Fléming, Espiñeiro, Campo das Becerras e Pedreiras).

■ Maianca

Inclúe neste plan as rúas Río de Campo, Cabreira, Outeiro, Xentiña e as que compoñen o núcleo urbano do Broño (Tierno Galván, Folgueira, Garduña, Xabarín e A Londra).

■ Dexo

Asfáltase a avda. do doctor Jiménez Herrero (que comunica o núcleo de Dexo con Lorbé), O Pirinxel e O Pinar.

■ Oleiros

Asfáltanse as rúas Miraflores, Figueiras e Morriña.

Ven de contratarse o asfaltado de 34 rúas, das que máis se deterioraron a causa do mal tempo rexistrado a pasada invernia.

■ *Arranxos con aglomerado en quente, máis caros pero máis duradeiros e con menos custos de mantemento*



Unha rede viaria a punto

Máis efectivos para mantenementos

O verán facilitou as obras de mantemento dunha gran cantidade de rúas que presentaban deficiencias.

Os operarios municipais de servizos acometeron obras de restauración de asfaltos, rebacheos, zahorras e desbroces varios, para deixar en bo estado a rede viaria.

Despois de interviren nunhas 75 vías públicas, nas próximas semanas acometerán a restauración das seguintes rúas e camiños:

Oleiros: asfalto das rúas de Xubín e as rúas Río da Loba, Agra dos Regos, A Edreira e Aperta. Restauraránse con zahorra as rúas Corredío e Tribisqueira.

Iñás: Zahorra para a rúa de Molina

Nos: Asfaltos de Federico Maciñeira, León Felipe, Benito Vicetto e Cascaxeira.

Liáns: asfalto de Lagarteiras, Castro de Montrove, camiño da praia e Pensamentos. Rebacheo do camiño dos Pozos e zahorra para o camiño entre a rúa do Souto e a Praza de Liáns.

Dorneda: Zahorra para As Cebolas e O Vencello.

Serantes: asfáltase a rúa Codes (Canabal)

Dexo: Zahorra para Monte da Vella, S. Antón e Torrella.

Depósito de auga na Edreira

Está a construírse con fondos provinciais unha importante obra para mellorar a calidade do servizo de abastecemento de augas a zona interior do Concello.

Trátase do novo depósito de auga na Edreira (no alto da parroquia de Santa María de Oleiros), que permitirá abastecer con máis fluidez ó cada vez maior número de habitantes de Oleiros, Iñás e algunhas zonas de Nos e Dorneda.

O depósito ten unha capacidade de 3.000 m³ e un presuposto de 52 millóns de pesetas.

¡Seguemo-la maleza que molesta!

Neste verán rexistráronse no Concello demasiadas denuncias causadas polo estado de numerosas fincas cheas de maleza.

Son foco de infeccións e molestias para a circulación viaria cando esta maleza invade a rúa, ou outras propiedades veciñas.

É preciso lembrar a tódolos donos de fincas que resulta obrigado mante-lo ornato e a hixiene nas propiedades, para non causar perxuízos ós demais.

¡Gracias polos arcéns!

Moitos veciños colaboran coa seguridade viaria de tódolos cidadáns gracias á cesión de espazos para arcéns. É hora de agradecer-la colaboración da maioría dos propietarios lindantes coas principais vías públicas.

Esa colaboración axiliza os trámites para que todos poidamos contar con pobos e núcleos de maior calidade.

A seguridade peatonal é un dos asuntos que máis preocupan ós veciños, según manifestaron na ronda de assembleas informativas que se realizaron na primavera.

Para solventalo é preciso construír arcéns, sobre todo naquelas vías que atravesan zonas rurais. Polo regular son zonas moi concorridas, como a vía que comunica Oleiros ou

Os Regos con Santa Cruz, ou algúns treitos da estrada de Santa Cruz a Meirás.

Precisamente a estrada entre Os Regos e Coruxo é un exemplo de colaboración veciñal. Tódolos propietarios cederon parte das súas fincas para construí-lo arcén, que mellorará a calidade do entorno.

Outro exemplo de colaboración foi no centro de Oleiros, donde se creou un novo carril de incorporación do tráfico e unha acera na rúa Charry para dar acceso á

Avda. de Miguel Hernández, donde se ubica o instituto de ensino medio.

Tamén hai pouco que se remataron tódalas aceras do tramo Vilar-O Seixal, donde a colaboración veciñal tamén se notou.

Polo regular, as obras de adecentamento de arcéns ou construción de aceras realízanse de dúas maneiras: co financiamento total do Concello, ou por cooperación veciñal á que se une a colaboración municipal.

A Xunta dí que tamén vai colaborar

■ *Prometen realizar algunhas obras entre este ano e o próximo*

A maioría das obras necesarias para incrementa-los índices de seguridade nas vías do concello corresponden a estradas da Deputación ou mesmo a Xunta.

O Concello reclama permanentemente estas obras ás administracións competentes. Unha desas xestións deu como resultado que a Xunta, a través da Cotop, realizará as obras de arcéns ou aceras en núcleos e estradas da súa competencia.

Trátase do andén Agra-Serantes, o tramo de Rosalía de Castro entre A Pasaxe e As Pedras, entre Lourido e o cruce de Arillo, entre o restaurante Orllinda e a curva de Nirvana, en Che Guevara, e no Couto (Lorbé).

O Concello negociará cos propietarios para que cedan o solo, e realizará os proxectos. Según a disposición orzamentaria da Xunta, irán facendo as obras entre este ano e o que ven. O Concello restaurará ademais os peches que sexa necesario retirar.

■ *Os veciños axilizan así as obras de construción de arcéns ou aceras, para beneficio da seguridade peatonal*



Av. Miguel Hernández, perto do Instituto

O conto de nunca acabar

Nova parálise do cemiterio de Dorneda

O culebrón do cemiterio topa agora cos despachos provinciais. O PP paralizou de novo a construción do Cemiterio que tanto demandan os veciños de Dorneda, a terceira parroquia que máis medra en Oleiros.

Si os xerarcas de Deputación quixeran, a tramitación do cemiterio podería continuar. Pero non parece que estén moi polo labor de favorece-la obra pública deste servizo.

O Concello estudia presentar unha querela por posible prevaricación contra políticos e técnicos da Deputación, que paralizaron a obra a causa dun contencioso-administrativo, cando non hai lei nengunha que obrigue a paralizar

unha obra por estar pendente dun fallo desta natureza.

Mentres, os veciños, ven cómo o párroco de San Martiño segue co monopolio dos nichos en vez de dispor dun servizo municipal e con prezos públicos.

Tarde ou cedo, a obra será realizada. Os arredores de San Martiño serán dotados de parque, zonas de aparcamento, e cemiterio, cos seus correspondentes servizos funerarios. Outra cousa será obrigar ó cura a que adecente o actual cemiterio, que presenta un lamentable estado cara ó exterior.

Interior entregará este ano o Cuartel de Mera

Ademais de apórtar 38 millóns para mellora-lo cuartel da Guardia Civil de Oleiros, o Concello realizará o proxecto da ampliación do recinto, segundo consensuaron en Madrid representantes do Concello e o Ministerio do Interior.

Eso permitirá que o cuartel de Mera pase a mans do Concello e poida ser disfrutado por tódolos veciños de Serantes e Maianca como parte da Casa do Pobo da localidade.

Na xuntanza, celebrada en Madrid e que decorreu nun clima de gran cordialidade, acordouse modifica-lo Convenio e fíxose un prazo inalterable de seis meses para executa-lo pactado.

Ademais, nos orzamentos do 2001 aparecen reflexados 20 millóns de pesetas para transformar parte do cuartel de Mera, e de non ser traspasado o inmovible antes de fin de ano, o investimento non se podería realizar ata o próximo exercicio.

Máis vivendas a prezos baixos



Están en marcha novas promocións de vivendas a prezos taxados e VPO (Vivendas de prezo oficial). O Concello quere que os veciños poidan compra-la súa vivenda a menor coste que no mercado.

Romardeiro

- 48 vivendas perto de Santa Cruz
- Prezo taxado

A Cova

- 24 vivendas en Oleiros, entre as estradas de Sada e Soñeiro.
- V.P.O.

As Galeras

- 22 vivendas perto de Santa Cruz
- Prezo taxado

Caavamontes


- 28 vivendas no mesmo centro de Perillo, en avanzada construción
- Prezo taxado

O Graxal

- 16 vivendas no Graxal de Oleiros, entre a N-VI e a ría
- Prezo taxado

Mesón da Auga

- 189 vivendas
- Escandaloso retraso de 4 anos nesta promoción da Xunta. Cada vez vale máis o solo, e xa parece unha manobra especulativa.
- Teñen tódolos trámites municipais aprobados.



Novas subastas de parcelas, en setembro

En setembro sairán a subasta 15 novas parcelas en Bastiagueiro, 5 na urbanización Valle Inclán de Perillo e outras 5 en Fonte do Ouro, en Santa María de Oleiros. Os prezos son diferentes para cada unha. Máis información na Secretaría Xeral do Concello (981 610 000).


A subasta de solo para a construción de vivendas é parte dunha política progresista que consiste en intervir no mercado inmobiliario cos mecanismos que nos permite o sistema.

Pese á demagogia que algúns utilizan, o Concello seguirá a subasta-lo solo para construír vivendas, tanto unifamiliares como colectivas, favorecendo así a adquisición de fincas por particulares e a construción de inmobles a prezos máis competitivos.

Ningún concello subasta solo. Esta práctica permítenos non ter ghettos marxinais e gozar dun crecemento urbano ordenado e con posibilidades para todos. Ademais, o Concello ingresa recursos que revirten en beneficios para os cidadáns.

Na última subasta das Galeras houbo máis de 200 ofertas. Moitos veciños acodiron á apertura das plicas, que chegaron en sobre pechado e se abriron públicamente.

En ningún caso as adxudicacións están negociadas. Todos poden acodir a esta convocatoria transparente, aberta e libre.



Cividanes

- 107 vivendas en baixo +3prantas, co 10% de prezo protexido e praza pública, trala cafetería Nai-Pai.

Canide

- Aprobación provisional da nova urbanización, con construción individual e plurifamiliar.

O Argentino

- A piques de rematar. 22 vivendas, praza pública e rehabilitación da Casa do Argentino para fermosa hospedaxe en Mera.

Novos espazos



Valle-Inclán

- 59 novas vivendas unifamiliares tramitadas por veciños entre o Colexio Valle Inclán e a Escola das Pedras.



O Carballido

- Urbanización entre o alto de Perillo e a curva da Nirvana, con espazos públicos e chalés e vivendas en baixo + 2 prantas.



Fonte de Perillo

- No mesmo Alto de Perillo, tra-la Casa da Cultura. Mixta de unifamiliares e baixo + 2 prantas.

Rúa Areal

- Vista aérea das obras para 73 vivendas en baixo +3prantas darredor do hostel Sol y Mar, en Perillo.
- Consíguese un parque e praza pública de 7.000 m².



Espacios para vivir

- ↓ **As Galeras**
- Vista aérea da primeira fase, máis avanzada (xa está en marcha a urbanización da segunda).
 - Espacios para deporte, unha escola infantil e en total 337 vivendas entre unifamiliares e colectivas.
 - Créase un gran parque litoral, con miradores sobre a ría.



Este conxunto de urbanizacións están a tramitarse ou construírse en diferentes fases. Agárdase que algunhas —as máis atrasadas— queden aprobadas antes de fin de ano. Sobre o resto, novas rúas, paseos e lugares públicos comezan a dibuxarse no terreo conformando novos espacios para vivir.



As Galeras 2

- Segunda fase, de promoción municipal e veciñal. Edificación mixta.



As Toxeiras

- Nova urbanización de 35 chalés a construír en Montrove.



- ↑ **A Cova**
- Vista da zona de chalés desta urbanización situada en Oleiros, entre as estradas de Sada e Soñeiro.



↑ **O Graxal**

- Entre a N-VI e a ría do Burgo. En total, 223 vivendas, incluídas as de prezo protexido.
- O espazo entre a urbanización e a ría será un parque que continúa o paseo litoral.



← **Fonte do Ouro**

- Vista aérea da urbanización, con 94 vivendas en total. Na parte inferior da fotografía pode verse o que será zona verde, e a parcela destinada a Centro de Saúde.


Máis terreos para o futuro parque

En breve vai incorporarse ó parque unha finca de 40.000 m² perto da Igrexa de Liáns, que incrementará a superficie do futuro parque que xa é pública e na que están a traballar os membros do Obradoiro de Emprego. Tamén se incorporan 4.000 m² ubicados nas proximidades da praia de Bastiagueiro.

Precisamente a Avenida de Che Guevara está servindo tamén para que os alumnos do obradoiro desenvolvan a súa actividade.

Están levantando as prantas dos parteres, adiantando o traballo para cando a Deputación contrate de novo esta plantación, que fora moi mal executada pola empresa que a fixera a primeira vez.

Están a recuperar toda a pranta posible e prevén obter 69.000 exemplares de máis de 28 especies diferentes.



O Parque Liáns, a bó ritmo

Uns limpan o que será o futuro Parque Metropolitano de Liáns,

outros preparan prantas e árbores no viveiro municipal da Carballeira, en Nos.

E outros realizan prácticas de xardinería en varios espacios municipais.

Todos eles, e mailo personal docente e administrativo do CMF Isaac Díaz Pardo, conforman o Obradoiro de Emprego Parque Liáns. Comezaron o 1 de xuño e xa se poden ver froitos en calquera dos lugares nos que traballan estes 45 persoas e 10 monitores do programa.

Amplas zonas dos arredores da igrexa barroca de Liáns aparecen xa limpos, e

só queda despodona-las raíces de varias árbores que foran taladas hai anos. Os labores non son sinxelos, pois a exuberante maleza acumulada fai que os desbroces realizados polos alumnos de auxiliar forestal sexan intensos.

Os seus compañeiros de bioxardinería practican mentres nos espazos de Rialeda, Nelson Mandela, As Torres, Os Regos e na avenida de

Che Guevara, vítima esta última dun penoso labor de axardinamento agora en fase de restauración.

En canto ós da especialidade de viveiro forestal realizan o seu traballo de retaguarda no viveiro municipal da Carballeira. Despois do preceptivo acondicionamento, prepararon os bancais e invernadoiros para o cultivo de árbores, arbustos e prantas ornamentais e aromáticas.

Ademais das clases prácticas propiamente ditas, os alumnos reciben sesións teóricas relacionadas coas súas especialidades, orientación profesional e procura de emprego, clases de xestión empresarial, visitas formativas, seguridade e hixiene, e para os 14 alumnos que non teñen graduado escolar, hai clases de educación compensatoria.

Esforzos municipais para loitar contra o paro

Moitos futuros empregos pasan polo CMF

Durante o ano 2000 o servizo municipal de emprego puxo en contacto a 716 persoas desempregadas con 1.217 empresarios que ofrecían traballo.

Todos estes veciños sen emprego acodiron ó Centro Municipal de Formación de Os Regos para vencellarse ó Servicio Galego de Colocación para ver de atopar un posto de traballo.

O sector que máis tira do emprego son as vendas e o márketing, que absorbe case un cuarto das demandas. Tamén a construción, o turismo e hostelería, e os servizos xeneran

bastante emprego, seguidos de oficinas, madeira e moble, e o mantemento de instalacións. Os últimos lugares son ocupados pola pesca, a industria, industria agroalimentaria e a rama sanitaria.

Outras áreas que xeneraron emprego foron a agricultura, automoción, comunicación e ocio e textil, ademais de licenciados, diplomados e graduados en diferentes especialidades.

Se estás en paro, chama ó CMF (Tif 981 610 319). Alí poden axudarche a atopalo emprego que desexas. Sorte.

■ Ventas, construción, turismo-hostelería e servizos xeneran o maior número de empregos

O Haley de Santa Cruz ofrece traballo

Os 80 postos de traballo que está a crear Gadisa no futuro centro comercial Haley, en construción en Romardeiro (Sta. Cruz) están sendo canalizadas polo Centro Municipal de Formación.


Ofrécense postos para mozos de almacén, caixeiros, repoñedores, charcuteiros, carniceros, pescadeiros, e outros relacionados coa alimentación. É preciso cubrir unha solicitude de emprego que están á vosa disposición no CMF de Os Regos.

Tamén se ofrece información sobre os locais que se crean no centro comercial, e que os interesados poden converter en sede do seu negocio.


Máis información, no CMF. Teléfono 981 610 319.

Aprobado o orzamento 2001

Os gastos



Os ingresos



Despois de sete meses de paralización da vida política municipal nos que se obstruíron as demandas dos oleirenses, aprobouse o Presupuesto Municipal do 2001.

Quedaban atrás sete meses do que moitos calificaron como chantaxe política dos grupos locais do PSOE e o PP.

Estes partidos querían desprestixiar a imaxe do goberno municipal, da Alternativa dos Veciños, impedíndolle gobernar.

As alianzas foron inéditas (entre socialistas e conservadores) e todo o proceso estivo marcado polo obstrucionismo, difamacións, insultos, victimismo... en nome da democracia.

Logo de intentalo cos empresarios de Santa Cristina, a pinza entre PSOE e PP creou incluso unha entidade que ten como finalidade apoiar-lo desprestixio do goberno.

Máis tarde xogaron cos soldos das persoas que traballan e durante o primeiro intento de aprobación do presuposto desautorizaron ós colectivos veciñais que durante os últimos anos contribuíron a facer o Oleiros do que hoxe disfrutamos.

Pero o Goberno Municipal, da Alternativa dos Veciños, continuou o seu traballo con constancia e capacidade de xestión, e ó final aprobouse o orzamento cos votos a favor da Alternativa e o BNG.

Desde o Goberno Municipal manifestouse un profundo desagrado polo que calificaron de «espectáculo» do PSOE de Oleiros, auténtico motor do boicot ós presupostos. Con todo, consideran que a tranquilidade política que se vive estes días só ten relación coa época preelectoral.

A primeira Granxa-Horto é xa unha realidade

Xa balan as ovellas e medran as leitugas

Queremos que os veciños, especialmente os máis novos, coñezan de perto as singularidades da vida natural.

Para eso naceu a primeira granxa-horto do concello, inaugurada nun acto no que participaron nenos de Dos Regos, incluídos os da Escola Infantil A Pardela, ubicada no mesmo centro da urbanización.

Parellas de galiñas, cabras, coellos, conviven nesta pequena Arca de Noé coas leitugas, zenouras, tomates ou repoulos prantados na superficie de 400 m² que ocupa.

É unha experiencia pioneira en Galicia para achega-la vida natural ós habitantes das novas urbanizacións, especialmente ós máis pequenos,



poñendo en valor aspectos como a sociabilidade e a cultura participativa, algo esquecidos na sociedade de hoxendía.

Tamén procura acabar co afastamento que se observa entre as novas xeracións e os procesos naturais que arrodean a súa vida cotián,

como o ciclo da agricultura ou a maneira de coidalos animais.

A principal razón para ubicar a primeira destas granxas horto nesta urbanización foi que das 576 persoas que viven en Dos Regos preto dun cento son nenos de entre 3 e 12 anos, por outra banda, a

Escola Infantil Municipal A Pardela, específica para nenos de entre 0 e 3 anos, acolle 74 rapaces. Esta granxa-horto, pese a atoparse no interior do espacio urbano, está aberta a rapaces doutros lugares próximos que desexen participar.

De confirmarse o

éxito, nacerán outras nas urbanizacións Xardín de Nos e Rialta.

O palacete central que acouga ós animais, construído na súa totalidade en madeiras autóctonas de pino roxo, foi deseñado e realizado no Centro Municipal de Formación

■ *Unha experiencia pioneira en Galicia para achega-la vida natural ós veciños das novas urbanizacións*

Centos de mulleres recoñeceron a Tía Antonina no monumento erguido entre Mera, o mar e a Capela de Santa Ana. Entre a música e o estourido das bombas de palenque que celebraban as festas de xullo.

Tía Antonina, recoñecida

Baixo a estatua dí: “en agradecemento dos pobos de Oleiros. As túas mans déronnos vida”. Un perfecto resume do labor da nosa veciña.

Antonina Moscoso Meirama morreu ós 97 anos despois de pasar toda unha vida facendo de parteira nos tempos máis difíciles, cando as comunicacións e o sistema sanitario non estaban tan desenvolvidos como agora.

Agora lémbrese a esta gran muller por iniciativa dos seus veciños e do Concello, que convocou un concurso de ideas.

Ela nacera en Xoez, en 1892, e morreu no 89, cando lle faltaban 3 anos para a centuria.

Viviou na Rúa Mazadoiro (antes do Camiño de Canabal). Sempre foi solteira, moi devota e non tivo fillos. Era unha muller de carácter forte.

Pero a actividade máis destacada na súa vida, e pola que gañou gran popula-

ridade, foi a de parteira. Asistiu ós partos de centos de mulleres de toda a zona norte, pois desprazábase ata Dexo, Lorbé ou Cabreira, alí onde había algunha muller que o necesitase. Camiñaba grandes distancias, e mesmo utilizaba a bicicleta, o cabalo ou no que viñeran na súa procura, xa que as comunicacións coa Coruña eran só por mar ou camiñando.

Ademáis de parteira, nos tempos en que a medicina non era un ben extendido como agora, ela ofrecía remedios para males e enfermidades, e incluso asistía a personas que se atopaban en trance de morte.

Moito lle temos que agradecer os veciños de Oleiros a esta grande muller, que para sempre estará na nosa lembranza e máis agora diante deste monumento que lembra a súa figura e inestimable axuda nos tempos máis difíciles.



Moitos veciños no acto de inauguración

■ *A lembrada parteira xa goza do recoñecemento do seu pobo, tras un século de entrega ós demais*

Alternativa dos Veciños presenta ante o pleno a proposta

Terreos para o Centro de Saúde do interior

O Concello quere que Sanidade constrúa un novo Centro de Saúde no límite entre as parroquias de Oleiros, Nós e Iñás.



Mera tamén precisa mellorar

A mellora da atención primaria en Mera será tamén obxecto de varias negociacións. Unha delas coa Consellería de Sanidade e outra coas autoridades autonómicas que xestionan a Casa do Mar, edificio no que se ubica o actual consultorio.

Preténdese que a oficina da Confraría de Pescadores da localidade

A instalación cubriría a demanda sanitaria de atención primaria nestes lugares e sería o terceiro centro destas características do territorio municipal, que xa conta cun centro en Perillo e outro en Santa Cruz.

Este solo foi conseguido grazas a un convenio urbanístico na avenida de Miguel Hernández, entre Oleiros e Nós.

A precariedade das

instalacións existentes (consultorios en instalacións municipais de varias parroquias) e as necesidades inminentes dunha poboación que pode chegar a duplicarse en poucos anos, fai absolutamente necesaria esta nova infraestrutura. A previsión con que se realizan en Oleiros a planificación urbana fai que os veciños, cando elixen este concello para vivir, se atopen uns

servicios de alta calidade.

Hoxe, nos ten case 4.000 habitantes, Oleiros 2.500 e en Iñás viven máis de 1.100 veciños. Nese contorno están en marcha varias urbanizacións, algunha delas de gran tamaño como a de Mesón da Auga, ademáis doutras como Fonte do Ouro, A Cova ou A Pezoca, que farán aumentar a poboación entre un 20 e un 30%.

pase a ocupar un local situado na pranta superior, co obxecto de deixar expedito todo o baixo para a atención sanitaria, co que na práctica a atención sería semellante á dun Centro de Saúde.

As parroquias de Dexo (uns 1.500 habitantes), Serantes e Maianca (uns 2.400 na actualidade) tamén incrementarán próximamente a poboación,

como consecuencia sobre todo da promoción inmobiliaria que se está a desenvolver en Canide e outras máis pequenas no centro de Mera.

Ademáis, o Concello instalará en breve un ascensor, para facilita-lo uso da pranta superior ás persoas de mobilidade reducida.



Éxito da Romería das Merendiñas

Impresionaba o aspecto do Pabillón Arsenio Iglesias de Santa Cruz, donde houbo que celebra-lo almoço das Merendiñas ante a posibilidade de que chovese. Despois, o baile fíxose fóra e os centos de participantes e as dúcias de voluntarios disfrutaron da música e o baile ata case chegada a noite.



Diante da Marola

Camiñar en forma con máis de 60

A idade non pode ser nunca un impedimento para levar unha vida sana, activa e satisfactoria.

Por iso o Departamento Municipal de Servizos Sociais leva traballando dende hai tempo nunha serie de actividades para maiores.

Neste caso trátase de varias saídas de senderismo para este verán, coa intención de recorrer e coñecer os lugares de interese natural na nosa comarca.

Participan nesta actividade as persoas maiores de 60 anos empadroadas en Oleiros que desexen camiñar polos camiños e corredoiras do entorno de Dexo e Cecebre.

Son rutas de dificultade baixa guiadas por profesionais especialistas en medio ambiente e patrimonio histórico artístico.

A través destas rutas de senderismo búscase o coñecemento de lugares de grande interese natural e cultural, a

transmisión de coñecementos e sensacións sobre o entorno mentres se realiza unha actividade física relaxada que aporta numerosos beneficios a nivel físico e psíquico.

Polo camiño os participantes redescubren valores e sensacións esquecidas como lugares, oficios, nomes de animais e prantas, cultivos, usos e explotacións do medio natu-

ral, ademais de observar e analizar as sucesivas transformacións do entorno máis próximo, todo isto mediante a execución dunha serie de actividades dinámicas e divertidas.

Se tes máis de 60 e queres informarte das actividades que para ti temos preparadas ou desexas, chama ó Teléfono do Veciño, 981 610 000



O exercicio físico, fundamental

Voluntarios ambientais miman a natureza

Dende a súa creación no mes de xaneiro do pasado ano 2000, o grupo de Voluntariado levou a cabo gran cantidade de labores útiles para o Concello e os veciños.

A última destas actividades foi a limpeza de lixo na Costa Norte, en colaboración co grupo Naturalista Hábitat.

Recuperaron algunhas áreas da costa que recentemente foi nomeada Monumento Natural, para dar a coñecer os seus valores e sensibilizar ós veciños e visitantes sobre a necesidade de preservala paisaxe e a fauna e flora existente.

Foron un grupo de 20 persoas, que realizaron unha limpeza á man entre o portiño de Dexo e o Seixo Branco. Próximamente tocaralle ó turno o outro sector da costa norte incluído no monumento natural, dende o portiño de Dexo ata a costa de Lorbé.

O traballo vaise completar con exposicións gráficas nas que se amosarán tanto os valores naturais como as actividades que os voluntarios do concello levan a cabo para o seu mantemento e conservación.

Outros voluntarios acompañan a maiores nas excursións ou colaboran nos programas de voluntariado europeo.

O grupo está formado por 33 voluntarios ós que se están a sumar rapaces menores de 18 anos que gracias a nova normativa europea poden participar activamente e que se informan a través das campañas de concienciación levadas a cabo nos institutos por medio do Servizo de Voluntariado. Así que xa sabes, **se queres formar parte do grupo de Voluntariado e axudar a túa comunidade non dubides en poñerte en contacto chamando ó teléfono do Concello 981 610 000.**

Empezan a chega-los primeiros proxectos da campaña “Qué facemos?”, unha iniciativa para apoiar sen complicacións burocráticas ideas realizables. Para que vos movades vós mesmos e sen tutelas innecesarias.

Acción sen tutelas

Un dos programas que máis éxito ten entre os mozos é o das Casas de Festas. Alí móntanse as súas propias convivencias sen nengunha tutela, só teñen que ter coitado co alcohol, non tomar drogas nen molestar ós veciños con ruídos excesivos.

O Concello quixo aplica-la mesma filosofía de autoxestión ás iniciativas de calquera natureza.

Deportes, viaxes, concertos, campionatos sociais, arte... todo o que poida saír da vosa imaxinación e satisfaga as apetencias dos grupos.



> Non importa demasiado a idade, aínda que a campaña foi pensada para os que tedes entre 18 e 25 anos.

> Só tedes que describir sucintamente a vosa pretensión a través dun sinxelo impreso.

> Se a iniciativa é realizáble, o Concello pon os medios necesarios para levallas a cabo. Cantas máis propostas se presenten, mellor para todos. Cantas máis persoas mostren o seu interese en participar nelas, mellor.

■ *¿Que queredes facer? Nós poñémo-los medios para realizalo*

■ *Cóntanolo directamente por Tlf. ou fax no 981 610 526, ou en alcaldia@oleiros.org*

As primeiras propostas

Concertos rock nas prazas e praias

Excursión etnográfica e natureza

Realización de grafittis en depósitos de augas

Concertos de música electrónica con dj's

Nace un centro para a arte e a artesanía

Novo Obradoiro dos Oleiros, escola municipal de alfarería

Un novo centro de aprendizaxe e difusión da cultura naceu no Centro Cultural As Torres de Santa Cruz. Trátase do Obradoiro dos Oleiros, que botou a andar coa inauguración do Alfar —lugar no que se traballa o barro— anexo ó Museo dos Oleiros.

O 6 de agosto comezaron as clases cunha oferta inicial de catro cursos: iniciación á cerámica, modelado, iniciación ó torno e decoración, que se seguirán con

outros de perfeccionamento cando se rebase a primeira fase docente. Os alumnos abonan 4.000 pts. mensuais por un total de 16 horas, totalmente prácticas.

Está nos xardíns das Torres, nun edificio anexo ó Museo dos Oleiros José María Kaydeda.

A escola está composta por tódolos ingredientes dun alfar tradicional: fragua, xunque, carboeira, sala de tornillos, forno, área de vidro

e engobe, barral, colado, apretón, mesa de carga, mufla e tornos. A súa capacidade é para 15 alumnos en cada especialidade.

Entre as curiosidades, destaca unha auténtica peza de museo: un forno donado pola empresa “Refractarios y conceptos Cerámicos de España”, de A Guarda (Pontevedra), cunha antiguidade de máis de un século e que responde ó tipo de forno “alto de roda de pé”.

Instálanse novos tertularios e xogos infantís

O Parque José Martí de Santa Cristina e os colexios públicos Valle Inclán de Perillo e Parga Pondal de Santa Cruz acollerán novos xogos infantís de madeira, recién realizados por alumnos dos cursos de madeira e ebanistería do Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo, como ben sendo habitual.

Ademais dos xogos, operarios municipais instalarán outros tantos palacetes de tertulia nos parques Luis Seoane de Santa Cruz, a zona verde da Urbanización Lamastelle e a zona verde do Seixal.

Estes últimos son mobles de madeira e forma hexagonal. Están arrodeados de bancos nos que se fan tertulias veciñais. O primeiro foi ubicado na Urbanización dos Regos.

Unha pre-banda de vento, o grupo coral, unha orquestríña de cordas e a Agrupación de Clarinetes fóron os primeiros pasos do que no medio prazo podería constituí-la Orquestra de Oleiros. Son os formidables froitos de curso e medio de traballo na Escola de Música da Fábrica.



¿Nace a Orquestra de Oleiros?

Remataban as clases na Escola de Música cunha serie de concertos de clausura executados polos alumnos.

No primeiro fóron os máis pequenos, do grupo de música e movemento, os que encheron de público o Auditorio e abraiaron a todos co seu bo facer e armoniosidade.

Días despois fóron pianos, guitarras, violas, violíns e violonchelos os encargados de demostrar os seus progresos musicais.

Coincidindo co día internacional da música, o 21 de xuño xuntáronse os alumnos dos instrumentos de vento para cos seus pulmóns amenizalo oído do público, acompañados polo pode-

roso son dos instrumentos de percusión.

A festa final, e poida que a máis desexada, tivo lugar o sábado 23, na que xa se puido albis-car o principio desta pequena orquestra da que de seguro pronto poderemos desfrutar: foi a presentación da pre-banda de vento, o grupo coral, a orquestríña de cordas e a agrupación de clarinetes, que lles amosaron ó público que a Escola comenza a dar os seus froitos, para goce dos seus integrantes e do público.

Novas disciplinas

O pasado curso houbo 212 alumnos fronte ós 188 do curso anterior. Ás especialidades que xa se impartían (per-

cusión, canto, guitarra clásica, guitarra eléctrica, piano, teclados, violonchelo, violín, gaita, saxofón, clarinete, frauta traveseira, trompeta, lingua-xe musical, música e movemento, iniciación ó folk, iniciación á música moderna e canto coral, audicións comentadas) engadíronse novos instrumentos: viola, oboe, trompa, batería, trombón, acordeón e baixo eléctrico.

Matrícula

Curso 01/02

Para cubrir as vacantes para o vindeiro curso saíran durante a segunda quincena de setembro os requisitos e condicións. Os interesados poden chamar ó tel 981 636 598.

Asistir a un concerto

Algunhas normas que todos debemos ter en conta cando asistamos a un concerto de música clásica:

1.- Silencio: É sinal de respecto polos músicos e a actitude imprescindible para disfrutar da música.

2.- Non acceder á sala mentres os músicos tocan: O constante ir e vir de persoas soe provocar máis nervios e despistes nos executantes, poñédevos no seu lugar ¿sodes capaces de falar se vos interrompen constantemente?

3.- Na música clásica hai algunhas obras compostas por tres ou máis movementos, e é o costume non aplaudir no medio destes, senon cando acaba a obra completa. Os músicos de clásica están acostumados a iso e lles pode estranar que se plauda entre movementos.

En resumo, subir a un escenario e facer música é unha mezcla de pracer e nervios, e estes últimos predominan sobre todo nos que levan pouco tempo co instrumento, por iso é necesario que, cando asistamos a un concerto, nos poñamos no lugar dos músicos e os tratemos con respecto. E se nos gustou a actuación... ¡A aplaudir!

O primeiro período de funcionamento da Escola de Danza contou con 38 alumnos. Para este ano xa hai apuntadas 58 nenas, pero ábrese un novo prazo de matrículas en setembro. Quérese conseguir que se apunten máis nenos de xénero masculino.

A escola de danza agarda máis presenza masculina

■ *Os prexuízos sexistas apartan os nenos homes do ballet clásico*



Ainda que haxa sequía de rapaces, as 58 nenas compoñen unha sólida base para chegar a formar unha compañía de Ballet, como se comprobou no acto de fin de curso. Pero preocupa que os prexuízos sexistas estén apartando ós nenos do ballet clásico.

As familias deben tomar un papel activo á hora de animar ós nenos a realizar actividades beneficiosas para o seu futuro como o ballet, unha disciplina extraordinaria para o dominio do corpo e o movemento. **E sobre todo fomentar unha educación igualitaria e non prexuízosa.**

Vivi-la cultura cada día

Maiores: ximnasia, euro, natación, ioga e memoria

Estes son os obradoiros, cursos, propostas, e actividades varias para sentirse mellor. Comezarán o 17 de setembro e terán lugar nas Casas do Pobo, centros sociais e a piscina da Fábrica, cunha oferta de actividades de moito éxito entre a xente maior.

Este ano, o euro e a conversión das pesetas será unha das actividades de maior expectación debido á desaparición da actual moeda a fin de ano.

Outras convocatorias que se repiten son as de natación, ximnasia de mantemento, ioga e obradoiros de memoria.

Estas actividades están organizadas polo departamento de Servizos sociais, a donde poden chamar (981 610 000) se lles interesa algunha delas.

Piden novos horarios para as bibliotecas do norte

Veciños e entidades do norte están interesándose pola ampliación dos horarios das bibliotecas de Mera e Dexo-Lorbé.

Desexan que os centros de lectura abran as súas portas a turno completo, e non media xornada como ocorre ata agora.

O Concello está a estudar a posibilidade de ampliar o horario para satisfacer esta demanda veciñal.

Escola de pais: aprender a tratar cos fillos adolescentes

Esta é a finalidade da Escola de Pais que organiza os centros de ensino o departamento de servizos sociais.

Trátase dun espazo de debate e información sobre cómo afrontar esa idade tan conflictiva que é a adolescencia dos fillos, procurando solucións alternativas para os problemas que se presenten.

As sesións terán lugar entre outubro e decembro e nelas participarán tamén formadores e outros profesionais que traballan con adolescentes.

Obradoiros para facer de todo

Un novo curso e novos obradoiros para ocupar o tempo libre de maneira constructiva e a calquera idade. Celébranse nas Casas do Pobo e centros sociais e están organizados pola área de servizos sociais do Concello.

Haberá ocupacións de fotografía, debuxo, pintura, tapices, teares e bolillos.

Taller de Mulleres: un espazo para a reflexión

A promoción da muller recibe un novo pulo con este obradoiro de debate e reflexión, que se aproveitará en promover as habilidades sociais e os hábitos de comunicación das mulleres, para que ó mesmo tempo tomen conciencia da importancia destes factores no aumento da calidade das súas vidas.

Un foro de debate que terá lugar entre os meses de outubro e decembro organizado por Servizos sociais.

Máis información e inscricións no teléfono 981 610 000.

Nova tempada de música e teatro

Unha nova programación de música e teatro levará estas artes ós escenarios municipais. O prezo das entradas é de 200 pts., e o adiamento do programa o seguinte:

SETEMBRO

- **Dom.2** Banda de Música de Negreira. Perillo
- **Mérc. 26** Jazz na Fábrica. Baldo Mtz. e C. Actis
- **Xov.27** Clásica na Fábrica. Trío Auriensis.
- **Sáb.29** Teatro nas Torres. Cia.Trinke-trinke: «A princesa e a pardela»

OUTUBRO

- **Sáb.6** As Torres. Teatro Maltés «O fillo do rigor»
- **Xov.11** As Torres. Teatro Buratini «O pazo de papel»
- **Sáb.13** Clásica na Fábrica. Phantasy Quartet.
- **Sáb.20** As Torres. Sarabela Teatro. «Sexismunda»
- **Sáb.27** As Torres. Ollomol Tranvía. «Policía»

NOVEMBRO

- **Sáb.3** Música na Fábrica. Big-band do Conservatorio de Carballo
- **Sáb.10** As Torres. Teatro do Aquí. «Os Papalagüi»
- **Sáb.17** Teatro nas Torres. Manivela producións. «Compañía»
- **Xov.22** Música na Fábrica. Quinteto de Vento do Conservatorio da Coruña
- **Sáb.24** Teatro nas Torres. Teatro do Morcego. «Os vellos non deben de namorarse»
- **Dom.25** Banda de música de Visantón. Perillo.

DECEMBRO

- **Sáb.1** Teatro nas Torres. The magical brothers
- **Mérc.5** Música na Fábrica. Grupo de Metais Santa Cecilia
- **Sáb.15** Teatro nas Torres. Librescena. «A morte da doncela»
- **Ven.21** As Torres. La tirta del teatro. «Te lo cuento»
- **Sáb.22** Concerto de Nadal. Cuarteto Moriatov. Clásica na Fábrica.

Un novo servizo reclamado polos veciños

Solo para o novo preescolar da Rabadeira

A pelota está sobre o tellado da Xunta. Xa non teñen culpa para construír o novo edificio para infantil no Colexio da Rabadeira. Aínda sen que a obra esté confirmada, o Concello xa entregou á Xunta o solo necesario.

Son 4.000 m², case o dobre do que a Xunta solicitaba, os que se destinan para que o goberno autonómico empece a construír o novo edificio para educación infantil.

Eso é o que agarda o Concello e a comunidade escolar. Na actualidade os nenos están escolarizados na instalación provisional de Río da Loba. O Concello compensa ós propietarios cun valor edificatorio da finca a outro lugar.

A superficie de 4.000 m² prevista no Plan para a área escolar de Santa María de Oleiros superan amplamente os 2.700 m² que demanda a Xunta de Galicia

para construír un novo edificio.

Que os nenos de Río da Loba se trasladen á Rabadeira só reportará beneficios para eles, xa que poderán participar nos servizos comúns dun centro dotado da infraestrutura suficiente para unha educación de alta calidade (pabillón deportivo, comedor, pistas polideportivas, etc.).

A Xunta de Galicia, non obstante, aínda non ten definido o orzamento nen o proxecto da obra, polo que, unha vez máis, o Concello vai por diante da administración autonómica no cumprimento das accións a prol dun ensino público e de calidade.

Esta acción a prol da construción da nova infantil satisfará ós pais dos nenos escolarizados en Río da Loba, que verán así como os seus fillos poden acudir a un centro mellor dotado, como reclaman hai tempo.

Non obstante, se a dirección da Rabadeira quixese, os nenos de Río da Loba poderían estar xa recibindo clase no centro escolar e non na instalación provisoria. Unhas obras realizadas no centro serviron para aumentar despachos e salóns de reunións, marxinando a prioridade de que os máis pequenos tivesen espazos adecuados no complexo escolar.

Triatlón, surf e chave, últimas citas do verán

Xa en outubro dará comezo a programación deportiva normal, que este ano presenta un pouco máis avanzada a programación relacionada cos deportes marítimos.

A natación continuará a súa programación para tódalas idades: bebés e embarazadas, terceira idade, natación infantil, primaria e secundaria para tódolos centros de ensino público, e natación especial para diminuídos físicos e psíquicos.

Estes programas alcanzarán toda a súa dimensión no momento en que a Deputación entregue a Piscina Municipal, construída en Perillo.

Tamén en outubro apliarase o horario dos pabellóns polideportivos municipais, de xeito que durante as fins de semana poderán ser utilizados polos veciños que o soliciten.

Ademais, en outubro dará comezo a programación de deporte escolar, unha morea de actividades variadas organizadas polas Apas e subvencionadas polo Concello nun 80%.

Tamén nese mes se iniciarán a Liga escolar de fútbol e a liga escolar de hóckey sala.

O estío deixou tras de si unha mancha de acontecementos deportivos nos que participaron miles de persoas, especialmente menores.

En setembro celebrárase o tradicional Triatlón, o campionato de surf de Bastiagueiro e o torneo de chave.



Piragüismo en Santa Cruz

Un verán moi activo

As actividades deportivas do verán volveron a batir récords. O curso de piragüismo organizado en Santa Cruz cobriu axiña as 120 prazas dispostas nas diferentes quedas. En vindeiras convocatorias será ampliado o seu número. Tamén a vela lixeira, con cursos celebrados en Mera, concitou moito interese. Sesenta e cinco participaron no curso de remo, aproveitando as novas embarcacións de aprendizaxe en banco móbil.

A piscina da Fábrica interesou a 125 rapaces e rapazas, complementando a oferta existente para natación e xogos acuáticos.

Tamén o volei-praia encheu a mañá do

verán na praia de Bastiagueiro. Fóron 45 mozos, pero os postes quedaban colocados durante todo o día e centos de persoas disfrutaron da actividade, incluso en días de nubes.

A escalada deportiva tamén tivo unha excelente acollida polos xoves máis aventureiros, que fixeron as súas primeiras prácticas no rocódromo de Canide, para trasladárense logo a zonas de escalada en parede natural.

Outros deportes como fútbol, baloncesto, ximnasia, patinaxe e hóckey herba levaron a 172 rapaces a enche-las pistas exteriores e pabellóns deportivos con actividades.

Novos éxitos do remo perillán

Perillo recupera. Eso é o que se deriva da brillante tempada, que un ano máis encheuse de emoción coa rivalidade entre norte e sul, ou o que é o mesmo, entre Tirán de Moaña e Perillo de Oleiros.

Os nosos ganaron a proba da casa, Bandeira do Concello de Oleiros, pero tamén as de Corcubión, a Deputación da Coruña, e o Campionato Galego, tamén chamado Bandeira da Xunta de Galicia, celebrado en Vigo.

A primeiros de setembro é a bandeira da Kontxa, en Donostia, donde irán movidos tamén polo alento de todo Oleiros.

A nova escola náutica

náuticoleiros


A reforma do local situado baixo o paseo marítimo de Bastiagueiro para dedicar á actividade náutica será o próximo empuñe de «Náuticoleiros», a escola municipal de deportes náuticos que

esparexida por todo o litoral dinamizará a práctica e disfrute do mar como escenario para a cultura física e o ocio.

Este ano continuárase coas escolas municipais de remo e water-

polo e irán dando comezo o resto das actividades, dirixidas a tódalas idades.

Para máis información, podees chamar ó 981 610 000.



Máis obras para máis deporte

Unha nova xeira de obras para novas infraestructuras, ou para mellorar aquelas que o necesitan. Algunhas destas obras están en curso, e outras a piques de ser contratadas.



Novo campo de fútbol nos Regos

As obras da Deputación, paralizadas

■ *Novo retraso. Agora por un defecto detectado no tellado*

Seguimos agardando pola piscina do Escorial

Retraso sobre retraso. Desesperación dos veciños que non podemos utilizar obras nas que invertimos os noso diñeiro. ¿Causa? —a ineficiencia da Deputación, organismo contratante das obras.

Disque Felipe II tiña moita paciencia. Levávanos con frecuencia a ve-las obras do mosteiro que o veu morrer.

Así se sinten os veciños ante a nova piscina do alto de Perillo, contratadas pola Deputación e dirixidas por técnicos provinciais.

Cando remataron as obras, xa logo dun considerable retraso, díronse conta de que non tiñan urbanizado o entorno, co que non puideron abri-

la instalación.

Un novo período de contratación para aceras e aparcamentos, obras que unha vez realizadas xa parecía que se podía abrir. Pero non.

Nunha xuntanza co presidente, éste comunica ó Concello que se detectaron algunhas deficiencias no tellado, polo que a obra non pode ser recepcionada ata que se subsanen as averías.

Entre tódolos retrasos, o

Concello, que xa tiña seleccionada unha empresa especializada para facerse cargo do servizo, tivo que apraza-lo contrato con ela porque as obras non se nos dan entregado.

Outro tanto ocorre co paralizado Pabillón Deportivo de Bastiagueiro, ubicado tra-lo instituto María Casares. Comezará un novo curso e as obras seguirán así.

■ Oleiros

Campo de fútbol

Está a ampliarse terreo de xogo do Eugenio Pardo Conchado, no Condús e utilizado polo Obrero. Ganou máis de 3.000 m² gracias a un convenio urbanístico. Recentemente se realizaron obras de gradas, vestiarios e ambigú.

Pabillón deportivo

Pintado do pabillón, no complexo escolar e deportivo da Rabadeira.

■ Os Regos

Polideportiva

A piques de principi-las obras de cubrición da pista polideportiva da urbanización, para que se poida utilizar todo o ano. Teito con base de madeira laminada, novo peche de tela metálica e vestiarios.

Campo de fútbol

Está a construírse o novo campo, trasladado das Galeras ós Regos. Contará con gradas, almacéns e ambigú. Neste campo xoga habitualmente o Santa Cruz CF.

■ Montrove

Campo de fútbol

Realizaránse obras de mellora da drenaxe, para que o terreo de xogo teña maior prestancia.

■ Bastiagueiro

Comezará a rehabilitación deste local, baixo o Paseo Marítimo, destinado á escola municipal de actividades náuticas. Servirá de sede para cursos e almacén de material.

■ Mera

Polideportiva

Mellora dos servizos agora existentes.

Campo de fútbol

Mellora-lo alumeadado existente e a dotación das instalacións.

■ Dorneda

Campo de fútbol

Mellora dos vestiarios e servizos agora existentes.

■ Iñás

Campo de fútbol

Diversas obras de mellora neste campo no que habitualmente xoga o Mercurio, que serán contratadas na segunda quincena de setembro.

■ Nos

Praza da Libertade

Tamén comezarán as obras de cubrición da pista da Praza da Libertade, anexa á Casa do Pobo. Madeira laminada e peche de tela metálica. Xa ten vestiarios na Casa do Pobo.

O Seixal

A fins de setembro contratarase a renovación do peche con tela metálica desta pista polideportiva.



Reclama as túas obras

Os impostos que pagas van destinados a tódalas administracións.

Cada unha delas ten as súas competencias.

Esta é unha relación de obras pendentes de realizar,
con cadaseu organismo responsable. Anímate e axúdanos a reclamalas.

Vía Ártabra
Para resolve-los
atacos da vía litoral

Consellería de
Obras Públicas.
Xunta de Galicia

Fax 981 544 529

www.xunta.es/conselle/ot

**Novo acceso ó
Porto de Lorbé**

Consellería de
Obras Públicas.
Xunta de Galicia

Fax 981 544 529

www.xunta.es/conselle/ot

**Paseo
Marítimo
de Mera**

Serantes-Maianca

Goberno central

Fax 981 290 700

demarcacion.galicia@mFom.es

**Cruce da
Raqueta**

Na N-VI e novo
acceso á A-6. Nos

Goberno central

Fax 981 290 700

demarcacion.galicia@mFom.es

**Cruce do
Seixal**
N-VI - Nos

Goberno Central

Fax 981 290 700

demarcacion.galicia@mFom.es

**Bombeos
á ría**

Arranxo e ampliación
na Ponte da Pasaxe

Augas de Galicia
Xunta de Galicia

Fax 981 544 529

www.xunta.es/conselle/ot

**Cruce de
Arenaza**
N-VI - Iñás

Goberno Central

Fax 981 290 700

demarcacion.galicia@mFom.es

Aceras

Entre Praza da
Rabadeira e Coruxo
Oleiros-Liáns

Deputación
da Coruña

Fax 981

www.dicoruna.es

Aceras

Entre O Piñeiro
e Campamento
Iñás

Deputación
da Coruña

Fax 981

www.dicoruna.es

As aceras

- entre Pinar do Río e a urbanización A Pía (Maianca)
- entre As Torres e Franzomel (Liáns)
- entre A Edreira e o centro de Oleiros-Real (Oleiros)

Todas elas en vías da Deputación

Serán próximamente abordadas polo Concello, ante o
inminente perigo que supoñen para a seguridade peatonal.

Envía un fax ou e-mail ós destinos correspondentes
reclamando a realización das obras.

Axúdanos a reclama-lo que nos corresponde.



Novo lustre a outro vello edificio

O Pazo da Carballeira, en Nos, recupera o vello esplendor. A casona que fora de dona Juana de Vega, legada pola dama ó pobo no seu testamento como escola agraria, está a transformarse nun centro de capacitación agraria. Tamén será sede da Fundación Juana de Vega.

Un convenio entre os administradores do testamento e o Concello fixo posible tres cousas: un gran pedazo de finca e parte do edificio pasan a propiedade municipal, outra parte do pazo será a sede da Fundación, e noutra parte será construída unha nova urbanización para Nos.

As obras están practicamente rematadas e a escola municipal case a pleno rendemento, cos alumnos de bioxardinería, viveirismo e forestal do Obradoiro de Emprego "Parque de Liáns".

A reconstrución do pazo transformou aquelas ruínas nun lugar cun engado moi especial, con coidados xardíns e uns inte-

riores dotados das comodidades de hoxe.

A veterana torre do pazo foi convertida en aula de informática, mentres a vella capela ocupa o salón de actos onde collen 60 persoas. Hai outra aula para 40 alumnos, e o resto son pequenas salas destinadas sobre todo á formación.

No exterior hai unha pequena área para recepcións e unha zona que será repoboada, aínda que xa existen algúns carballos. Tamén se reserva un lugar para aparcamento. Tamén se fixo un novo porche na zona das aulas que serán utilizadas polo Concello a través do Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo.

Unha das pezas máis sobranceiras da edificación é un lagar, instalación para face-lo viño. Ten unha impresionante viga de carballo, e estaba en moi boas condicións, polo que foi restaurado na súa totalidade e constituirá un dos atractivos etnográficos do novo centro.

O pazo, pese ó que puidese parecer, non era unha edificación burguesa coma outras do entorno, senón que se trataba dunha vivenda con explotación agrícola.

A sensibilidade de dona Juana cos seus veciños, fíxolle testar en favor deles, polo que a Fundación que leva o seu nome convoca becas para estudos agrarios desti-

■ *O concello segue promovendo a recuperación do patrimonio histórico e arquitectónico*

nados a veciños de Nos e Iñás, e organiza cursos relacionados coa agricultura, que a bon seguro de aquí en diante terán lugar no novo pazo de Nos.



**IRMANDADE DE
DOADORES DE SANGUE**

Coa colaboración do
Concello de Oleiros

Doa sangue.

n e c e s i t á m o s t e .

**Podes inscribirte no autobús do Centro de Transfusións de Galicia
ou no Complexo Hospitalario Juan Canalejo (Hotel de Pacientes)**

Tif. 981 287 617 www.galiciavirtual.net/donantessangre

Calidade urbana, calidade humana